

ANUNCIO

A Sra, alcaldesa do Concello de Muros, por resolución da Alcaldía do 7 de decembro de 2017, acordou aprobar as seguintes bases:

BASES DO CONCURSO "ACENDENDO O NADAL"

1.- O obxectivo principal deste concurso é dotar de colorido e vistosidade as nosas rúas, casas e establecementos.

2.- Persoas participantes

Poderán participar todas aquelas persoas maiores de 18 anos, **propietarias ou inquilinas dunha vivenda ou establecemento**, que estea situado no Concello de Muros.

Tamén poderán participar asociacións, clubs e colectivos de calquera índole radicados no Concello de Muros.

Ademais a participación poderá ser individual ou colectiva, de xeito que se permite a participación conxunta de varias persoas, establecementos ou asociación cun espazo determinado.

No caso de haber máis dunha solicitude de participación para un mesmo espazo ou edificio público terá prioridade a que primeiro fora presentada.

Haberá varias categorías:

- Escaparates de establecementos
- Exterior de establecementos
- Exterior de vivendas particulares
- Rúas, espazos ou edificios públicos para asociación ou agrupacións de establecementos ou particulares

3.- Inscripcións

Para formar parte do concurso, as persoas participantes deberán entregar no Concello o boletín de inscrición debidamente cuberto e asinado que figura no anexo I, boletín que tamén se pode obter a través da páxina web www.muros.gal ou directamente nas dependencias do Concello en horario de 09:00 a 15:00h e que poderán entregar directamente nas oficinas ou a través do correo electrónico: alcaldia@muros.es

A data límite para inscribirse será o día 23 de decembro de 2017.

4.- Criterios de valoración

O requisito imprescindible é que os adornos das fachadas teñan iluminación, ademais valorarase a creatividade, orixinalidade e vistosidade.

Para a valoración, cada membro do xurado puntuará de 1 (menor puntuación) a 10 (máxima puntuación), sendo o resultado a suma das puntuacións de cada membro do xurado. En caso de empate, realizarase unha segunda votación entre as persoas participantes coa mesma puntuación.

5.- Premios

Os premios serán os seguintes:

- *Escaparates de establecementos:
1º premio de 300€, 2º premio de 150€, 3º premio de 75€*
- *Exterior de establecementos:
1º premio de 300€, 2º premio de 150€, 3º premio de 75€*
- *Exterior de vivendas particulares:
1º premio de 300€, 2º premio de 150€, 3º premio de 75€*
- *Rúas, espazos ou edificios públicos para asociación ou agrupacións de establecementos ou particulares:
1º premio de 500€, 2º premio de 300€, 3º premio de 150€*

O Concello resérvase o dereito a deixar deserto algún premio por escaseza de concursantes ou de calidade dos traballos presentados ao concurso, así como a anular o concurso no caso de que o número de persoas participantes sexa inferior ao dos premios en varias categorías.

6.- Xurado

O xurado de selección estará composto por 5 persoas e será nomeado pola Alcaldía. Cada membro do xurado poderá delegar en calquera outra persoa, no caso de non poder participar no fallo.

7.- Exposición e fallo

*Os adornos deberán estar preparados e dispostos **dende o día 23 de decembro de 2016 ata o 7 de xaneiro de 2017**, calquera variación nos adornos durante este período deberá ser comunicado a través do correo electrónico: alcaldia@muros.gal
O fallo darase a coñecer nun acto público, xunto coa entrega de premios, nun día, hora e lugar que se fará público en datas próximas.*

8.- Aceptación das bases



A participación no concurso supón a aceptación destas bases así como o fallo do xurado.”

Muros, na data que figura na marxe

Asinado dixitalmente